

**ACTA NUMERO SEIS DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E SETE DE
NOVIEMBRE DE DOUS MIL SETE :-.....**

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Puente
- D. José-Ramón López Fernández
- D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil sete. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTAS ANTERIORES:

83 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 29 DE OUTUBRO DE 2007. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

84 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 1202/07 A RES. Nº 1502/07). A **Sra. presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as resolucións da alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A corporación dáse por informada.-----

85 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA. En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co art. 41.22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifieste. Non se produce ningunha solicitude.

A corporación dáse por informada.-----

Neste intre incorpórase á sesión D. José-Juan Vidal Vilanova, interventor xeral do concello.

86 : PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAMENTO DOS MEMBROS INTEGRANTES DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DO CONSELLO DA XERENCIA UNHA VEZ MODIFICADO O ARTIGO 8.1 DOS ESTATUTOS. Polo **Sr. secretario** dáse lectura ó ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAMENTO DOS MEMBROS INTEGRANTES DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DO CONSELLO DA XERENCIA UNHA VEZ MODIFICADO O ARTIGO 8.1 DOS ESTATUTOS : Dáse conta da proposta da Alcaldía redactada nos termos seguintes :

“””Na sesión plenaria de 09/07/07 acordouse a modificación do artigo 8.1 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo. Esta modificación foi publicada no BOP nº 140 de 19/07/07 para o trámite de información pública por prazo de 30 días. Como non houbo reclamacións ou suxestións, o texto foi definitivamente aprobado e publicado no BOP nº 174 do 07/09/07. Así o novo artigo 8.1 dos estatutos da xerencia di:

“”Artigo 8.1.: O Consello da Xerencia estará composto polas seguintes persoas:

- *O alcalde/sa, que será o/a presidente/a da xerencia.*
- *Os concelleiros/as membros do consello serán trece como máximo, nomeados polo Concello Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada un deles na corporación municipal. De decidirse un número inferior poderase utiliza-lo sistema de voto ponderado en función da representatividade, se así o acorda o Concello Pleno.””*

Analizado o texto, considérase que sería pouco operativo que pertenzan ó Consello da Xerencia trece concelleiros/as, e que sería moito máis eficaz, dende o punto de vista da xestión do organismo autónomo, que o consello estea formado, unicamente, por catro membros (un representante por cada un dos grupos municipais) pero con voto ponderado, máis o presidente/a da Xerencia Municipal de Urbanismo, facendo así un total de cinco membros.

Por este sistema de voto ponderado, a decisión do representante do Grupo Municipal do PP computaríase como 7 votos, a do representante do Grupo Municipal do BNG como 3 votos, a do representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo como 2 votos e a do representante do Grupo Municipal Mixto como 1 voto.

A retribución por asistencia ás sesións sería proporcional á representación de cada grupo, de xeito que o representante do Grupo Municipal do BNG percibiría 270,45 € (90,15 x 3) e o representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo 180,30 € (90,15 x 2) e o representante do Grupo Municipal Mixto percibiría 90,15 € por cada sesión ás que asistan. O Grupo Municipal do PP non percibiría emolumento algún por asistencia xa que os seus integrantes teñen dedicacións parciais ou totais ó concello.

En consecuencia, propónse ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: que o **Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo** este **constituído** por **cinco membros** coa seguinte distribución:

- **O presidente/a da xerencia.**
- **Un representante do Grupo Municipal do PP.**
- **Un representante do Grupo Municipal do BNG.**
- **Un representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo.**
- **Un representante do Grupo Municipal Mixto.**

SEGUNDO: que as decisións do consello sexan adoptadas polo **sistema de voto ponderado** do seguinte xeito:

- **O presidente/a da xerencia: 1 voto.**
- **Grupo Municipal do PP: 7 votos.**
- **Grupo Municipal do BNG: 3 votos.**
- **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo: 2 votos.**
- **Grupo Municipal Mixto: 1 voto.**

TERCEIRO: que as retribucións pola asistencia ás sesións do consello se aboem en función da representación antes reflectida, tendo en conta un consello teórico de trece integrantes máis o presidente/a.

CUARTO: que se notifique o presente acordo ós voceiros/as dos grupos municipais co obxecto de que comuniquen á alcaldía os nomes dos integrantes do consello, así como os suplentes que consideren oportuno”””””.

D. José – Luis Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto, anuncia o seu voto en contra en coherencia ó que ven manifestando reiteradamente cando se pretenden decisións en que ó establecer o sistema de voto ponderado, leve implícito o pago por asistencia en cantidades resultantes de multiplicar o baremo establecido para cada asistente polo número de compoñentes que a cada Grupo Municipal lle corresponde na Comisión.- Que está completamente seguro que xuridicamente é incorrecto que se paguen indemnizacións económicas por asistencia a sesións, cando non se asiste.

Entáblase amplo debate sobre o tema intervindo **D. Roberto - Alfonso Fernández Lores, representante do Grupo Municipal do BNG** e **D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo, representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, que non comparten tal criterio, expoñendo que o feito de non asistir outros concelleiros non é máis que por razóns de índole operativo e de eficacia.- Que de igual xeito tampouco tería sentido que a consignación orzamentaria que teñen asignados os grupos municipais sexan iguais para todos, non distinguindo a quen ten nove concelleiros, catro e tres do que ten soamente un.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** di que son conceptos distintos, e que cando se confeccionen os Presupostos será o momento de entrar en tal materia.

Exponse polo **Sr. Presidente** a conveniencia de nomear nesta Comisión ás persoas que pasarían a formar parte do Consello da Xerencia en representación de cada Grupo Municipal, e previa consulta cos portavoces se establece que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo quede formado polas persoas seguintes :

En representación do **Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR (P.P.) :**

TITULAR : Ángel Casal Moldes

**SUPLENTES : Salvador Durán Bermúdez
M^a Paz Lago Martínez
Susana Fernández Trelles
Manuel López Méndez**

En representación do **Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.):**

TITULAR : Roberto – Alfonso Fernández Lores

**SUPLENTES : David Otero Domínguez
Gloria González Camiña
Sandra Fernández Agraso**

En representación do **Grupo Municipal SOCIALISTA DE SANXENXO (P.S. de G.-P.S.O.E.):**

TITULAR : M^a Dulcinea Aguín Pombo

**SUPLENTES : Manuel Lores Púente
José – Ramón López Fernández**

En representación do **Grupo Municipal de VECINOS INDEPENDIENTES POR SANXENXO (V.I.P.S.):**

TITULAR : José – Luis Rodríguez Lorenzo

En caso de imposibilidade de asistencia do Concelleiro titular, seu escano sería ocupado en plena representación polo correspondente suplente.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía coa modificación do apartado “**Cuarto**” no senso do nomeamento singular de concelleiros representantes dos Grupos municipais no Consello de Administración; a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, é aprobada por maioría cos votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, o voto pola abstención do Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e Socialista de Sanxenxo, e un único voto en contra do Grupo Municipal de Veciños Independientes de Sanxenxo.

Consecuentemente a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, acorda propoñer á Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos :

PRIMEIRO: Que o **Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo** este **constituído** por **cinco membros** coa seguinte distribución:

- **O presidente/a da xerencia.**
- **Un representante do Grupo Municipal do PP.**
- **Un representante do Grupo Municipal do BNG.**
- **Un representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo.**
- **Un representante do Grupo Municipal Mixto.**

SEGUNDO: Que as decisións do consello sexan adoptadas polo **sistema de voto ponderado** do seguinte xeito:

- **O presidente/a da xerencia: 1 voto.**
- **Grupo Municipal do PP: 7 votos.**
- **Grupo Municipal do BNG: 3 votos.**
- **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo: 2 votos.**
- **Grupo Municipal Mixto: 1 voto.**

TERCEIRO: Que as retribucións pola asistencia ás sesións do consello se aboen en función da representación antes reflectida, tendo en conta un consello teórico de trece integrantes máis o presidente/a.

CUARTO: O Consello de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo, quedará composta da maneira seguinte :

En representación do **Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR (P.P.) :**

TITULAR : Ángel Casal Moldes

SUPLENTES : Salvador Durán Bermúdez
M^a Paz Lago Martínez
Susana Fernández Trelles
Manuel López Méndez

En representación do **Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.):**

TITULAR : Roberto – Alfonso Fernández Lores

SUPLENTES : David Otero Domínguez
Gloria González Camiña
Sandra Fernández Agraso

En representación do **Grupo Municipal SOCIALISTA DE SANXENXO (P.S. de G.-P.S.O.E.):**

TITULAR : M^a Dulcinea Aguín Pombo

SUPLENTES : Manuel Lores Púente
José – Ramón López Fernández

En representación do **Grupo Municipal de VECINOS INDEPENDIENTES POR SANXENXO (V.I.P.S.):**

TITULAR : José – Luis Rodríguez Lorenzo.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concello do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que, aínda que ten dúbidas, acepta o voto ponderado como o fixo cando se tratou a proporcionalidade das comisións informativas. Engadiu que as dúbidas son razoables porque o voto dos concelleiros/as é persoal e indelegable. Rematou dicindo que o que non se axusta a dereito son as cantidades fixadas en concepto de asistencia ás sesións, pois non se pode pagar a unha persoa en función dos concelleiros/as que teña o seu grupo.

A Sra. **alcaldesa** solicitou que intervira o Sr. secretario para aclarar estas cuestións.

O Sr. **secretario** manifestou que o voto ponderado axústase á normativa e, precisamente, se utiliza en bastantes corporacións locais para solucionar as cuestións de proporcionalidade na composición dos órganos colexiados.

Rematou dicindo que a cuestión da legalidade das indemnizacións por asistencia a sesións correspóndelle xulgalá ó Sr. interventor.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: **doce (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: que o **Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo** este **constituído** por **cinco membros** coa seguinte distribución:

- **O presidente/a da xerencia.**
- **Un representante do Grupo Municipal do PP.**
- **Un representante do Grupo Municipal do BNG.**
- **Un representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo.**
- **Un representante do Grupo Municipal Mixto.**

SEGUNDO: que as decisións do consello sexan adoptadas polo **sistema de voto ponderado** do seguinte xeito:

- **O presidente/a da xerencia: 1 voto.**
- **Grupo Municipal do PP: 7 votos.**
- **Grupo Municipal do BNG: 3 votos.**
- **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo: 2 votos.**
- **Grupo Municipal Mixto: 1 voto.**

TERCEIRO: que as retribucións pola asistencia ás sesións do consello se aboen en función da representación antes reflectida, tendo en conta un consello teórico de trece integrantes máis o presidente/a.

CUARTO: o Consello de Administración da Xerencia Municipal de Urbanismo, quedará composta da maneira seguinte :

*** En representación do **Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR (P.P.)** :

TITULAR: Ángel Casal Moldes

SUPLENTEs: Salvador Durán Bermúdez, M^a Paz Lago Martínez, Susana Fernández Trelles e Manuel López Méndez

*** En representación do **Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.)**:

TITULAR : Roberto – Alfonso Fernández Lores

SUPLENTEs: David Otero Domínguez, Gloria González Camiña e Sandra Fernández Agraso

**** En representación do **Grupo Municipal SOCIALISTA DE SANXENXO (P.S. de G.-P.S.O.E.)**:

TITULAR : M^a Dulcinea Aguín Pombo

SUPLENTEs : Manuel Lores Púente e José – Ramón López Fernández

**** En representación do **Grupo Municipal MIXTO**:

TITULAR : José – Luis Rodríguez Lorenzo.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, incorpórase á sesión a concelleira D^a Gloria González Camiña que pasa a ocupa-lo seu escano.

87 : PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTA DE SANXENXO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura ó ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTA DE SANXENXO :
Dáse conta da proposta da Alcaldía redactada nos termos seguintes :

“”””” Con data 18/07/07 a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou aceptar a renuncia ó cargo de xuíz de paz substituta de D^a Salomé Martínez Rico.

De acordo co artigo 101.2 da Lei orgánica do poder xudicial correspóndelle a este concello a elección doutra persoa para ocupar o cargo, e así no BOP nº 186 do 25/09/07 publicouse a convocatoria para a provisión do posto de xuíz/a de paz substituto/a para este municipio.

Presentaron a solicitude para ocupar o cargo, dentro do prazo indicado na convocatoria, as seguintes persoas:

- **D^a Ana M^a Cancela Muras**, que o fixo o día 8 de outubro de 2007 con número 6.231.

O Sr. **Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, lembrou as verbas expresadas na Comisión Informativa de Asuntos Xerais, para dicir que o criterio utilizado nesta ocasión non foi o mesmo que cando foi elixida a xuíza de paz titular, pois rexeitouse a unha licenciada para nomear a actual xuíza de paz que non tiña esta titulación. Preguntouse que “sentido común” foi o utilizado en aquela ocasión, cualificando de incongruente a postura do goberno local e anunciando a abstención do seu grupo.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que a decisión adoptada cando foi elixida a xuíza de paz titular non foi incongruente en absoluto, pois para ocupar ese cargo non é preciso ser licenciado. Opinou que ademais da formación, tamén conta o xeito de relacionarse coa xente dos aspirantes e incluso débese valorar que sean persoas que estean involucradas na sociedade. Engadiu que debe contar así a “formación” máis a “relación”. Rematou dicindo que podería ocupar perfectamente o cargo outro dos aspirantes, e lembrou que houbo con outras corporacións varios xuíces de paz e todos eles cumpriron moi ben o seu cometido.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: **dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo) .

En consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: elixir a **D^a Noemí Iglesias Mariñas** como **xuíz de paz substituta de Sanxenxo** por considerarse a candidata máis idónea por titulación e méritos.

SEGUNDO: remitir certificación deste acordo ó Xulgado de 1^a Instancia e Instrucción de Cambados e á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ó artigo 101.3 da Lei orgánica do poder xudicial.-----

Seguidamente, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas procedeuse a trata-las seguintes **MOCIÓNS:**

88 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO A RETIRADA DO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE SANXENXO CONTRA A SENTENZA QUE ANULABA A SUSPENSIÓN DE LICENZAS E O DESESTIMENTO DA OCUPACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL PARA A CONSTRUCCIÓN DA AVDA. DO AVIADOR PIÑEIRO (A RONDA) (R. DE ENTRADA Nº 6011 DO 01/10/07). O Sr. **secretario** deu lectura á moción que literalmente di:

“**JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO**, representante del VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

En el Pleno de la Corporación, celebrado el pasado miércoles 26 de septiembre se tomó el acuerdo de aprobar el **Expte. Nº U-91/06 de “Promociones Fabal, S.L.”, Aprobación definitiva do Plan Parcial en desenvolvemento do solo urbanizable nº 30 en Fontoira-Padriñán”.**

Dicho Plan Parcial, recogido en el Plan General del Municipio, está ubicado sobre parte de lo que sería el trazado de la denominada Avda. del Aviador Piñeiro, mas conocida como “Ronda” (que no figura en el

citado planeamiento) y en defensa de la legalidad y los derechos de los ciudadanos, en este caso de "Promociones Fabal, S.L. y por imperativo normativo del PXOU, se le tenía que autorizar el desarrollo del citado Plan Parcial.

Como es sabido, el Concello de Sanxenxo interpuso un recurso de apelación contra la sentencia que anulaba la suspensión de licencias de un vial que cruzaba la parcela sobre la que se ubica el "Plan Parcial" aprobado en el Pleno antes referido, y el cual fue objeto de múltiples manifestaciones vecinales que se quejaban del daño que les causaba y no servía en absoluto para resolver los problemas viarios con que intentaba justificar su construcción el Gobierno municipal de aquel entonces. Un disparate de vial que pretendía colocar nueve rotondas en 4,5 km.

En el improbable caso de que fuese fallado favorablemente el Recurso interpuesto contra la sentencia que anulaba la suspensión de las licencias en el trazado, el Concello de Sanxenxo se metería en un lío, cuando menos administrativo y de nuevos recursos por parte de los vecinos, nada deseables para ambas partes y para el grupo que represento.

VIPS se compromete a colaborar en la búsqueda de un nuevo trazado alternativo al recurrido, que de verdad solvente lo que es una necesidad prioritaria para el desarrollo de nuestro municipio, ofrecimiento que consideramos una responsabilidad de nuestro grupo con los vecinos.

En base a lo expuesto, presentamos para su estudio, debate y acuerdo, por parte de la Corporación, la siguiente **MOCIÓN**:

- Que se tome el acuerdo de retirar el recurso de apelación interpuesto por el Concello de Sanxenxo contra la sentencia dictada en primera instancia que anula la suspensión de las licencias acordadas y el desistimiento definitivo de la ocupación y ejecución del proxecto de moficación puntual para la construcción de la denominada Avda. Aviador Piñeiro (La Ronda)."

A **Sra. alcaldesa** manifestou que xa non se debía entrar no fondo pois houbo unha sentenza recente e xa non ten sentido continuar a falar deste tema.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que despois de presentar esta moción ditouse a sentenza do recurso de apelación, e así a proposta xa perdeu interese. Engadiu que, polo exposto retiraba a moción.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se o concelleiro do grupo mixto tiña previsto retirar a moción debeu facelo antes da lectura.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** contestoulle que iso era unha decisión súa, e así considerou que era mellor que se lese porque o traballo non era a lectura, senón a preparación do documento.-----

89 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (R. DE ENTRADA Nº 6483 DO 17/10/07) SOBRE A SITUACIÓN DE ILEGALIDADE DE VARIOS HOTEIS NO MUNICIPIO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Sanxenxo.

EXPÓN:

No período comprendido entre os anos 1.980 ao 2.000, aproveitando o incremento que o turismo experimentou no Concello de Sanxenxo, comezouse a construír establecementos hoteleiros dun xeito

indiscriminado e sen que a administración local tomase medidas para que estas edificacións se fixesen de maneira ordenada.

No ano 2.003 aprobouse pola Corporación Municipal de Sanxenxo un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que deixou sen dar solución á situación de ilegalidade na que se atopaban unha inmensa maioría dos hoteis do concello, nalgún caso rexeitando as alegacións presentadas polos seus propietarios.

Esta situación provoca que na actualidade unha parte importante dos case 200 establecementos hostaleiros instalados no concello de Sanxenxo estean funcionando ilegalmente, coa conseguinte falta de seguridade e baixa calidade nos servizos ofertados aos clientes que os utilizan.

Dáse o paradoxo de que a páxina web oficial do Concello publicita a totalidade destes establecementos (184) tendo constancia da súa situación de ilegalidade, algún coa licenza de construción denegada pola Xerencia de Urbanismo recentemente por atoparse en solo urbanizábel non consolidado.

Aparte da mala oferta que se está ofrecendo aos visitantes do concello é de supoñer que estes hoteis, ao carecer da pertinente licenza, non estarán abonando as taxas polos servizos que lles presta o concello coa importante mingua que isto supón para as arcas municipais.

Tamén e sabido que esta situación preocupa ao sector da hostalería e, nalgún caso, está tratando de solucionar o problema dun xeito individual cos inconvenientes que isto supón.

Dada a importancia que ten para a economía do concello de Sanxenxo o sector do turismo, a administración local non pode por máis tempo seguir mirando para outro lado e ten a obriga de intentar por todos os medios dar unha saída a esta situación.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Goberno Local para que, coa finalidade de solucionar a situación de ilegalidade na que se atopan unha parte importante dos establecementos de hostalería do concello, tomen as seguintes medidas:

- **Constitución dunha comisión integrada por todos os grupos políticos con represenacion na corporación, por un técnico da Xerencia de Urbanismo e un representante do sector hostaleiro para que analice a situación actual.**
- **Iniciar un expediente de modificación Puntual do PXOM que facilite a aprobación das licenzas para as edificacións hostaleiras que o actual Plan non permite e sexan factibles de legalización.**
- **Iniciar os expedientes de restitución da legalidade ou demolición, no seu caso, para os que de ningún xeito permita a lei a súa legalización, rematando desta maneira coa discriminación que esta situación supón para os que si cumpren coa legalidade.””**

Despois de decidir que se debatera a moción, acordándose a urxencia por unanimidade, o **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que no documento aparece claro que o BNG é consciente da situación de varios hoteis que non poden obter licenza urbanística e, polo tanto, non lles é posíbel acadar a autorización de Turismo para desenvolver a actividade. Engadiu que para este importante tema débense atopar, entre todos, solucións factibles para legalizar o maior número de instalacións hoteleiras, aclarando que os hoteis cuxa legalización non é factible deben deixar de traballar para non competir con outros que si van cumprir coa normativa.

Tamén dixo que había que chegar a un acordo global que beneficiara á maioría e considerou que é mellor adoptar medidas xerais que deterse nos casos particulares. Sinalou que hai moitos hoteis en solo urbanizable non sectorizado e que para legalizalos hai que modificar o PXOM. Rematou dicindo que xa hai moito tempo sen arranxar este problema, recalcando que o BNG apoia estas legalizacións para defender a economía e o turismo de Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que entende a boa intención da proposta nacionalista. Lembrou que antes a un hotel concedíanlle autorización en Turismo aínda que non contase coa licenza municipal, pero agora esta licenza é imprescindible para obter a autorización. Mostrouse máis partidario das “legalizacións do uso” das instalacións hoteleiras e fixo referencia a un expediente tratado hai poucos días na xerencia onde foi informada favorablemente unha legalización de uso para un hotel que foi construído, no seu día, cunha infracción urbanística moi grave. Matizou que a normativa permite legalizar o uso aínda que, urbanísticamente, as edificacións queden fóra de ordenación, pois se a infracción está prescrita xa non é precisa a licenza urbanística.

Manifestou que un representante dos hoteleiros “non pinta nada” na comisión que se propón, pois senón tamén habería que incorporar, de tramitarse a modificación do PXOM, a outros colectivos.

Rematou dicindo que, sen ánimo de polemizar co grupo que presentou a moción, non considera boa medida a de modificar o planeamento xa que poden haber problemas con volumes excesivos en varias zonas, parecéndolle mellor solución a legalización de uso.

A **Sra. alcaldesa** mostrouse sorprendida coa moción, e manifestou que coa presentación da mesma se demostra que o BNG descoñece a realidade de Sanxenxo. Informou de que hai 208 hoteis prestando servizos con licenza para o uso e reiterou o manifestado polo Sr. Rodríguez Lorenzo. Tamén indicou que se fixo un gran esforzo para regularizar unha situación que ven de lonxe outorgando as licenzas de uso, xa que as infraccións urbanísticas prescribían, e lembrou que despois da aprobación do PXOM uns 30 hoteis legalizaron urbanísticamente a súa situación que era irregular co anterior planeamento.

Opininou que a mellor comisión para tratar estes asuntos é o consello da xerencia e manifestou que sería moi difícil modificar o PXOM para legalizar hoteis que están fóra da lei porque quedarían afectadas propiedades de moitos veciños e non parece factible, sobre todo, transformar solo rústico en solo urbano de alta densidade. Insistiu que a postura do BNG non é a solución e, engadiu que o grupo de goberno está a esgotar tódalas vías para buscar solucións en Turismo en función de cada instalación problemática, pois o desexable é non ter chegar a “tirarlle o negocio a ninguén”. Rematou dicindo que o seu grupo vai votar en contra da moción .

O **Sr. Fernández Lores** preguntou se tódolos hoteis teñen licenza de uso.

A **Sra. alcaldesa** contestou que son 208, os que a teñen.

O **Sr. Fernández Lores** afirmou que hai máis hoteis en Sanxenxo e, por iso, manifestou que o problema existe.

A **Sra. alcaldesa** considerou que efectivamente hai un problema pero engadiu que a solución non é a que propón o BNG. Ofreceulle o listado dos 208 hoteis ós que fixo referencia o voceiro nacionalista.

Preguntou a continuación o **Sr. Fernánde Lores** cantos hoteis hai sen legalizar.

A **Sra. alcaldesa** contestou que non o sabía nese intre.

O **Sr. Fernández Lores** falou de que a Sra. alcaldesa despreocúpase nestes temas e que “deja la tuna pasar”.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que de tunas non coñece moito, pois non foi á universidade.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: catro (Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

Abstencións: catro (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

90 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MXTO (R. DE ENTRADA Nº 6801 DO 26/10/07) SOBRE A CONCESIÓN DA NACIONALIDADE ESPAÑOLA ÓS FILLOS E NETOS DOS EMIGRANTES GALEGOS E SOBRE O VOTO DOS EMIGRANTES. Polo **Sr. secretario** dáse lectura a seguinte moción que literalmente di:

“**JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO**, representante del VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

El Gobierno presentó ante el Congreso de los diputados la propuesta para facilitar el acceso a la nacionalidad española a los nietos de los que, por razones políticas o económicas, tuvieron que dejarnos y marcharse de España; loable y generosa medida que cuenta con el respaldo mayoritario de los ciudadanos.

Muchos de ellos no han pisado España ni tienen vínculos ni conocimiento de los lugares de los que procedían sus ancestros ya que nacieron en otras tierras, mayoritariamente allende del océano, con distinta cultura y organización social, aunque en lo esencial común, con las características propias de cada país, en donde eligen a sus representantes ante las diferentes administraciones en la forma y tiempo fijadas en las leyes.

Entendemos que, independientemente de elegir a sus representantes en los países en los que han nacido y de los cuales son ciudadanos, puedan hacerlo, como españoles, en una circunscripción propia y como residentes ausentes, para las Cortes, siempre y cuando voten con las mismas condiciones y garantías que un ciudadano de España.

Lo que sería un cachondeo es que nuevamente se pueda repetir la situación de las pasadas elecciones autonómicas de Galicia en la para elegir a nuestros representantes en el Parlamento hemos estado pendiente de unos votos emitidos en el exterior, de cualquier manera y con garantías dudosas, por personas que mayoritariamente llevan años sin pisar España y que no conocían a los candidatos; y si algunos, muy pocos, llegaron asistir a algún acto político en que estaban los primeros espadas políticos, aunque en estos casos sería mejor cuchillos jamoneros, fue gracias a las gaiteradas, calderitas (de pulpo y rape), tortilladas y ribeiradas pagadas con nuestros impuestos mientras que los gallegos nacidos

en Galicia, que lo tienen todo aquí menos trabajo y se han tenido que marchar a Canarias, u otra comunidad, para ganarse la vida o a estudiar, no puedan votar a los diputados gallegos; o el caso sangrante de los marineros que se encuentran con muchísimas dificultades, en la mayoría de los casos insalvables, para poder elegir a los representantes de los municipios o provincias en las que residen.

A todos nos gusta el tango y las parrilladas, pero para lo que son y sirven y lo que VIPS no quisiera, como la gran mayoría de los que aquí residimos, es volver a hacer el ridículo como en las pasadas autonómicas, pendientes de los votos parrillados y tanguados por Sudamérica por parte de unos “políticos festeiros” a cuenta de las arcas públicas.

Por todo ello, es por lo que sometemos a la consideración de la Corporación las siguientes MOCIONES:

- Que se tome el acuerdo de dirixirnos al Congreso de los Diputados apoyando la medida de que se extienda la ciudadanía española a los hijos y nietos de todos aquellos que por diferentes motivos han tenido que dejar el país en el que habían nacido.

- Que se tome el acuerdo de pedirle al Congreso de los Diputados que los españoles en el exterior puedan votar en las elecciones generales a través de una circunscripción propia, como residentes ausentes, siempre y cuando lo hagan con las mismas garantías que en España.

- Que se acuerdo de pedirle al Congreso de los Diputados y al Parlamento de Galicia que se estudien las medidas legislativas pertinentes para que no se pueda repetir una situación tan absurda como la ocurrida en las últimas elecciones autonómicas, en la que la decisión de quien gobernaría nuestra comunidad dependía de unos votos que procedían de ciudadanos (que los emitían como podían) que desconocían en su mayoría la realidad de Galicia.

- Que se tome el acuerdo de dirixirnos al Congreso de los Diputados y al Parlamento de Galicia para que consideren la conveniencia de legislar con el fin de que los emigrantes residentes en el exterior, de forma semi-permanente, no contribuyan con su voto a decir quien gobierna en un municipio, ya que no hay ninguna razón que lo justifique.””

Logo de aceptar, por unanimidade, a urxencia, o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que na moción quedaba todo ben explicado. Considerou que persoas que nin coñecen os municipios decidan co seu voto quen goberna nos mesmos (non pode ser que un “terceiro curmán dun bisavó no exterior, decida, por exemplo, o goberno de Sanxenxo”, dixo).

Rematou dicindo que ese era o sentir de tódolos grupos xa que as xentes do exterior, só coñecen ós políticos que se presentan ás eleccións, cando estes van alí a visitalos por intereses electorais e, case sempre, con desprazamentos a cargo dos entes públicos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo está en contra da moción xa que por diversas circunstancias coñece de primeira man a situación que viven os sanxenxinos do exterior e que pudo comprobalo cando os visitou nunha viaxe que, salientou, non abonou o concello. Engadiu que esas persoas veñen a Sanxenxo a preguntar polos seus intereses, teñen unha íntima relación coa vila, e coñecen, moito mellor do que parece, ás persoas ou grupos que dende o concello defenden mellor eses intereses de todos eles.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que a Sra. alcaldesa non entendeu unha moción que nada ten que ver coas propiedades que teñen en Sanxenxo as xentes do exterior.

Despois de dicir a **Sra. alcaldesa** que na moción do grupo mixto vai incluído o colectivo de persoas ás que fixo referencia, pasouse a votación.

Votos a favor: cinco (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

91 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (R. DE ENTRADA Nº 7096 DO 06/11/07) SOBRE A MELLORA DO CONTORNO DO CEIP DE PORTONOVO, ARRANXO DE BEIRARRÚAS E SENTIDO ÚNICO DE CIRCULACIÓN NA RÚA ESPÍNEIRO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura se guinte moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Sanxenxo.

EXPÓN:

Os nenos e nenas de ensinanza infantil que asisten ao Colexio Público de Portonovo, teñen acceso ás aulas pola rúa Espiñeiro.

A rúa Espiñeiro, no tramo de entrada ao colexio, ten unha beirarrúa de aproximadamente 1 metro de ancho cun poste de Fenosa que a estreita inda máis, impedindo o paso por ela dos carriños.

Nese tramo de rúa tamén se atopan as instalacións do club de piragüismo, que carece de beirarrúa, co conseguinte perigo para os mozos e mozas que teñen que trasladarse ata a praia coas súas piraguas.

A rúa Espiñeiro ten na actualidade dobre sentido de circulación de vehículos o que provoca unha maior intensidade de tráfico e impide a instalación de aparcadoiros, problema que quedaría resolto dotando de un único sentido de circulación á rúa Espiñeiro, preferiblemente de entrada pola rúa Areal e saída pola rúa Rafael Picó.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS**:

- **Aproveitando as obras de humanización das rúas de Portonovo, se amplíe o ancho das beirarrúas do tramo de entrada ao C.E.I.P. de Portonovo.**

- **Que se aplique o sentido único de circulación para vehículos na rúa Espiñeiro e se marquen prazas de aparcadoiro no tramo de entrada ao colexio.**

- **Que, mentres non se proceda ao traslado das instalación do club de piragüismo, se fagan beirarrúas ou se coloquen pivotes fixos que permitan o paso seguro dos piragüistas.”**

Logo de aceptarse a urxencia por unanimidade, o **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, preguntoulle á Sra. alcaldesa se podía convencela.

A **Sra. alcaldesa** contestoulle que non, e o concelleiro nacionalista manifestou que entón non interviña.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que hai un proxecto tratado coas ANPAS para mellorar as beirarrúas e gañar en seguridade. Informou de que se trasladou a entrada do recinto escolar para que haxa un espazo tanto para os coches como para o estacionamento dos autobuses. Recoñeceu que o tramo é estreito e perigoso para os piragüistas polo que sería importante contar canto antes cun novo edificio

para o club de piragüismo. Rematou dicindo que o tema do sentido único xa foi discutido, pero que unha dirección única para a circulación de vehículos na rúa Espiñeiro sería prexudicial.

Sometida votación esta moción acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

Abstencións: unha (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

92 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (R. DE ENTRADA Nº 7444 DO 20/11/07) RELATIVA Ó APOIO ÓS PROPIETARIOS DAS PARCELAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE NANTES.

Antes de procederse á lectura da moción, a **Sra. alcaldesa** solicitoulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo a retirada da mesma en beneficio dos intereses municipais xa que non é convinte debater aspectos cando se teñen que pronunciar os órganos xudiciais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que non tiña inconveniente na retirada pero solicitou explicacións para coñecer o que está a suceder co polígono industrial.

A **Sra. alcaldesa** contestoulle que non debía darlle explicacións en público, e si en privado se o desexa o concelleiro do grupo mixto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** preguntouse porque é negativo para os promotores do polígono, ou para alguén, falar deste tema. Ante a insistencia da presidencia, o Sr. Rodríguez Lorenzo accedeu a retirar a moción.

Agradeceu o xesto a **Sra. alcaldesa** anunciando que lle daría as explicacións oportunas sobre o desenvolvemento do SU-15.-----

93 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 7619 DO 27/11/07) SOBRE A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE LUZ NA RÚA PERLA EN PORTONOVO. O Sr. secretario deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568 1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Dende o cruce da carretera da Adina ata a C/ da Perla, en Portonovo non existe alumeadado público, sendo esta unha zona urbana e comercial de Portonovo.

Fai uns días o grupo de goberno anunciou a colocación de diferentes puntos de luz nas distintas parroquias do Concello sen ter en conta esta zona.

Por elo, solicitamos ó Pleno dá Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Colocación dos puntos de luz necesarios na zona mencionada para mellorar a calidade de vida e pola seguridade de tódolos veciños.””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que a moción era escueta e clara, xa que dende a antiga farmacia, e actual cafetería “Dona”, ata a rúa da Perla só hai o alumeado dos rótulos comerciais.

A **Sra. alcaldesa** preguntoulle á voceira socialista se apreciou ela a deficiencia ou contáronllo.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que nunha das marxes da estrada si hai alumeado (bastante deficiente, afirmou) pero non na outra, onde hai que aproveitarse da luminosidade dos rótulos. Engadiu que son necesarios os puntos de luz na marxe sombría.

A **Sra. alcaldesa** tras recoñecer que pensaba que se estaba denunciando a falla de alumeado en toda a estrada, anunciou o voto en contra da moción porque nun proxecto de urbanización xa aprobado está prevista esta obra de iluminación. Engadiu que non se poden realizar obras para poñer e quitar farolas dos mesmos sitios en pouco tempo, por razóns obvias.

Sometida moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

94 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 7620 DO 27/11/07) RELATIVA A COLOCACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS EN TODALAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO. O Sr. secretario deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568 1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Xa na pasada lexislatura o PSdeG-PSOE plantexou un rogo no pleno da Corporación solicitando o equipo de goberno que se colocasen paneis informativos en tódalas parroquias do Concello para usalos para colocar toda información necesaria para os veciños, obtendo como compromiso o estudo do mesmo e a búsqueda de un modelo que fose adecuado as características dun concello como Sanxenxo.

A día de hoxe noso concello está cheo de panfletos, pegatinas, carteis, esquelas, etc. que decoran tódolos espazos públicos, como paredes, farolas, contenedores, etc.

As propias comunicacións do Concello teñen que ser colocadas en bares, tendas, marquesiñas, etc. sempre no ámbito urbano sendo inexistente dita comunicacións en moitas zonas do rural.

Por elo, solicitamos ó Pleno dá Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Colocación de paneis informativos en tódalas parroquias do noso concello que sirvan para colocar toda información necesaria e importante para os cidadáns, que poden ser dende anuncios, bandos municipais, esquelas, etc.””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, reiterou que, por razóns de estética e imaxe, hai que evitar que se coloquen carteis en tódalas partes e instalar uns taboleiros en diversas zonas para que se coloquen neles todo tipo de anuncios.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que, efectivamente, hai que instalar uns taboleiros ou paneis, pero que teñen que ser pechados. Informou que o servizo de medio ambiente do concello ocúpase, entre outras cousas, de sancionar a colocación ilegal de anuncios, por exemplo, en contedores.

Tras manifestar o **Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, que xa coñece así unha das funcións de medio ambiente, a **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo vai a votar a favor da moción e a facer xestións para elixir un bo modelo de panel que posibilite o uso de chaves por parte das asociacións, para que os anuncios non se deteriorenen coa choiva.

Rematou dicindo a **Sra. alcaldesa** que, aínda colocando os paneis, vanse a continuar repartindo anuncios polos establecementos de maior afluencia (tendas, supermercados, bares, etc....) dos actos organizados polo concello, para a súa maior difusión.

Sometida a votación a moción, foi aprobada por unanimidade.-----

95 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 7621 DO 27/11/07) SOLICITANDO O EMBELECEMENTO DO CONTORNO DA CAPILLA DE SAN TOMÉ EN GONDAR ASÍ COMO A INSTALACIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO E UN MIRADOR NAS INMEDIACIÓNS DO CEMITERIO DE VILALONGA E A DOTACIÓN DE BANCOS, FAROLAS E BEIRARRÚAS. O **Sr. secretario** deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

““O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568 1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Os accesos entre a Capilla de San Tomé de Gondar e a igrexa de Vilalonga pasando polo cementerio da mesma parroquia, carecen de todo tipo de servizos.

Este entorno é de un gran beleza así como un lugar moi frecuentado polos veciños de Vilalonga así como persoas que fan turismo pola zona. Polo tanto consideramos que é necesario a humanización do vial que transcorre entre a capilla de Santo Tomé en Gondar ata a igrexa parroquial de Vilalonga pasando polo Cementerio da mesma parroquia.

Por elo, solicitamos ó Pleno dá Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Embelecemento do entorno da capilla de San Tomé en Gondar.
2. Dotar de un aparcamento público e un mirador nas inmediacións do Cementerio de Vilalonga.
3. Dotación de bancos, farolas e aceras en todo o traxecto.””

O **Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que ó quedar deserta a licitación para realizar obras, hai unha gran necesidade de dotar de beirarrúas e bancos a esta zona tan concurrida e de gran beleza. Engadiu que tamén é moi necesario instalar un aparcadoiro para o cemiterio e un miradoiro.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que xa estaba de acordo coa asociación de veciños para activar e mellorar o proxecto barallándose a posibilidade de anchar os accesos da estrada a uns 5 ou 6 metros.

Para o **Sr. Lores Puente** non serían necesarias as cesións para ancheamentos, pois con cubrir as canaletas das marxes da estrada, ésta gañaría a anchura suficiente.

A **alcaldesa** salientou tamén que era unha actuación positiva a que se propoñía e o seu grupo ía votar a favor da moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que tamén ía a votar a favor coa esperanza de que se ía facer un proxecto como é debido. Animou a que se deixen estradas anchas, realizándose as xestións necesarias para conseguir as cesións que correspondan.

A **Sra. alcaldesa** indicou que a actuación sería financiada con cargo ós orzamentos de 2008.

Sometida a votación a moción, foi aprobada por unanimidade.-----

ROGOS E PREGUNTAS

1º) ESCRITO DE ROGOS FORMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (R. DE ENTRADA Nº 7.140 DO 08.11.07). O **Sr. secretario** deu lectura o seguinte escrito que literalmente di:

“JOSE LUIS RODRIGUEZ LORENZO, representante de VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

El sector hostelero reclama desde hace tiempo que se regule la actividad de los furanchos, singular actividad no reglada que sirve como tapadera para montar establecimientos de restauración sin ningún tipo de autorización o fiscalidad, lo que evidentemente daña a las actividades regladas; problema este que se da principalmente en las Rías Baixas.

La Consellería de Innovación e Industria se comprometió a finales de la primavera de preparar en poco tiempo un reglamento para regular este tipo de actividad pero como el tema puede invadir las competencias de alguna otra administración quizás por ello se retrase la redacción del citado documento.

Todos los ciudadanos y más sus representantes tenemos la obligación de que se cumpla la legalidad y el reparto de las cargas para contribuir a sostener la caja común de nuestra sociedad y defender los intereses de todos aquellos que contribuyen a su mantenimiento de conformidad con las leyes.

Los hosteleros de la comarca y particularmente los del municipio de Sanxenxo, ven como una competencia desleal que un ayuntamiento lindante con el nuestro, Meaño, sea el puerto franco de los

furanchos y en donde hay algunos que, por su tamaño y actividad, son los buques insignias y los mascarones de proa de esta actividad en las Rías Baixas, lo que representa una actividad "clandestina", con daño para las arcas públicas y una competencia desleal para todos los establecimientos reglados.

Posiblemente en los próximos meses aparezca una normativa de la Xunta pero igual que –a falta la regulación de esta actividad- otros ayuntamientos (Marín, Cangas, Redondela) han aprobado una norma específica dentro de sus competencias, sería conveniente que Sanxenxo redactase la suya (más vale prevenir que curar) y, por la obligación que tenemos todos de defender la hacienda pública y a todos aquellos empresarios que contribuyen a su mantenimiento, respetando la independencia de cada uno y la colaboración que debe existir entre las administraciones, creemos que se debería someter a la consideración del Concello de Meaño que estudie la conveniencia de, siguiendo los ejemplos de los ayuntamientos citados, apruebe también una normativa que regule la actividad de los furanchos, en defensa del interés común.

Por todo ello, someto a la consideración de la corporación los siguientes ruegos:

- Que a falta de una normativa superior, que se redacte una ordenanza que regule la actividad de los furanchos en el municipio de Sanxenxo.
- Que se solicite del Concello de Meaño que estudie la conveniencia de redactar una ordenanza que regule la actividad de los furanchos en su término municipal.
- Que el gobierno municipal de Sanxenxo solicite de la Consellería de Innovación e Industria que, cuando tenga disponible el borrador de la normativa, que parece que está preparando sobre los furanchos, y así como lo remita a otras administraciones, asociaciones empresariales, etc.. para recabar su parecer con el fin de mejorarlo, lo haga con nuestro ayuntamiento por ser parte interesada en la defensa de la legalidad y de los intereses de la hostelería de nuestro municipio.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que o rogo quedou desfasado por novas anunciadas pola Consellería de Innovación e Industria en canto á regulación dos furanchos.

A **Sra. alcaldesa** indicou que non era axeitado regular agora estos establecementos segundo as informacións da administración autonómica, xa que debía esperarse pola inminente publicación da normativa.

O Sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que retiraba o rogo xa que estaba redactado o borrador da normativa reguladora dos furanchos.-----

2º) ESCRITO DE ROGOS FORMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (R. DE ENTRADA Nº 5.948 DO 28.09.07). O **Sr. secretario** deu lectura o seguinte escrito que literalmente di:

“JOSE LUIS RODRIGUEZ LORENZO, representante de VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

Transcurrido 100 días desde la toma de posesión de las nuevas corporaciones algunos alcaldes están haciendo balance de la gestión realizada en interés de las comunidades que representan.

La riqueza pública de un pueblo se ejercita en la administración transparente de los medios puestos en manos de sus representantes, independientemente del numerario existente, ya que de poco sirve el tener mucho si la forma de gestionarlo es arbitraria y mal controlada.

Como quiera que en la pasada sesión de la Corporación, de fecha 25 de Septiembre, reiteradamente insistió en que nuestro Ayuntamiento es rico, sin que por otra parte añadiese que, según el Tribunal de Cuentas de Galicia y otros estudios solventes, señalan que Sanxenxo es el municipio de Galicia con mayor presión fiscal por vecino, y de ser así nos gustaría conocer cuales son las inversiones en bienes y servicios realizados desde que tomó posesión, independientemente del gasto innecesario en pregoneros que solo lo hacen por la paga correspondiente, y en promociones turísticas transpirenaicas.

También con fecha 25 de Septiembre, el Gobierno de España presentó las cifras de inversión regionalizadas de los Presupuestos Generales del Estado, previendo para Galicia una inversión per cápita algo más de 700 € por lo que, la más importante después de las de Asturias, Aragón, Castilla-León y Cantabria, entiende nuestro grupo, que, en justicia, algo le tocará a nuestro municipio, ya que también somos unos contribuyentes ejemplares al ocupar, a nivel municipal, el primer puesto de la Comunidad, por delante de A Coruña, Vigo, Pontevedra, Santiago, Lugo y Orense.

Por todo y con tiempo suficiente para que se documente e informe y pueda y quiera presentarlos en la próxima sesión de la Corporación, formulo los siguientes RUEGOS:

- Para que informe al Pleno de la Corporación de cuales fueron las principales gestiones, obras y servicios realizados desde la toma de posesión de la nueva Corporación con los recursos puestos en sus manos.

- Para que informe de las gestiones que ha realizado, directamente o por medios de los representantes de su grupo político en las Cortes Generales, para que figure alguna o algunas partidas de los presupuestos generales del estado en obras y servicios que afecten al municipio y a sus vecinos, denominación e importe.””

A **Sra. alcaldesa** contestou o seguinte:

a) Toda a xestión realizada está reflectida con detalle nas resolucións da alcaldía ditadas dende a toma de posesión, convidando ó concelleiro do grupo mixto a que consulte ditas resolucións.

b) As xestións que realiza o goberno local van sempre dirixidas a conseguir melloras na costa e a construción de paseos marítimos. Indicou que sería importante contar en A Lanzada e Major con beirarrúas, paseos, mobiliario urbano, farolas, etc....Engadiu que as xestións principais son sempre con Costas esperando que unha vez que rematen os investimentos na Illa de Arousa, veñan para Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que no rogo non se facía referencia a previsións ou desexos, senón a partidas concretas nos orzamentos do Estado que afectan ó noso municipio.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que non coñece partidas concretas nos que apareza Sanxenxo, pero que espera que haxa investimentos noutras xenéricas.-----

3º) O rogo presentado polo **concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, sobre o parque empresarial do SU-15 e sobre as obras de desdoblamento da autovía do Salnés foi retirado polo Sr. Rodríguez Lorenzo antes da lectura do mesmo.-----

4º) **ESCRITO DE ROGOS FORMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (R. DE ENTRADA Nº 7.596 DO 26.11.07)**. O Sr. secretario deu lectura o seguinte escrito que literalmente di:

““JOSE LUIS RODRIGUEZ LORENZO, representante de VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo), na Corporación, a petición de veciños de Vilalonga

EXPON:

A acera que está situada en Vilalonga, no lugar do Cruceiro, a altura dos números 7 e 9, que comunica a intersección da carretera xeral coa que entra aos colexios de Vilalonga e coa que baixa cara a Salgueira (entrada cara o supermercado) presenta unha situación que supón un perigo para os veciños.

Debido a que de continuo aparcan camións e turismos producindo situacións de perigo para os peóns que por alí transitan. (A acera é extremadamente estreita) ademais de continuo se producen colisións contra o cierre da vivenda anexa provocando situacións de risco.

ROGO:

Que nos orzamentos do ano 2008 se dedique unha partida para que a acera sexa ampliada coa finalidade de evitar os continuos problemas que nese punto se producen, é tamén que nesa intersección, no vial que sube da Salgueira cara o Cruceiro (o que sube polo supermercado) se sinalice un ceda ao paso tanto con sinal vertical como pintado na estrada xa que na actualidade non existe sinal de ningún tipo.

Asimesmo coa ampliación do ancho desta acera se evitarían as situacións de risco producidas polos turismos que baixando na dirección de O Grove cara Dena entran pola intersección sinalada cara a Salgueira (entrada ao supermercado) onde a súa vez circulan vehículos en dirección contraria e onde o paso é excesivamente estreito para que pasen dous turismos.

A ampliación debería ter un ancho suficiente para evitar estes problemas xa que cando se modificaron aceras en Vilalonga este punto do vial non foi mellorado.””

A **Sra. alcaldesa** manifestou que ía trasladar este rogo ó concelleiro de obras e á concelleira de Vilalonga para que falen cos veciños e buscar unha solución. Engadiu que coas casas tan preto da estrada é difícil ampliar as beirarrúas e así podería estudarse un sentido único de circulación para realizar dita ampliación.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, solicitou que se faga algo con urxencia para evitar accidentes.-----

5º) ESCRITO DE ROGOS FORMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (R. DE ENTRADA Nº 7.597 DO 26.11.07) E QUE FORON LIDOS POLO SR. SECRETARIO:

***** *Sería posible que en el presupuesto de 2008, se contemple partida para proyecto y obra que dote de alcantarillado el tramo que desde el Vinquiño (afecta a 7 u 8 viviendas y al Hotel Fernández) conecte con el general que por el lindero del regato discurre hacia Portonovo.***

A **Sra. alcaldesa** contestou que hai un compromiso coas persoas que alí viven e agora temos que redactar o proxecto.

***** *En la entrada hacia urgencias, en el Centro de Salud de Portonovo, se forma un considerable charco por el mal estado del asfalto. Sería tan amable de mandar a corregir dicha deficiencia?***

A **Sra. alcaldesa** contestou que serei tan amable, si, e o concelleiro de servizos tomará nota da deficiencia.

*****Desde Pontevedra hasta Vilalonga los viales son travesías Urbanas. La Consellería está “obligada” a llegar a un acuerdo con el Concello y los vecinos en el tramo de la Vichona; el avance del proyecto presentado por el Concello dejaba fuera de alineación a unas 112 edificaciones, muchas de ellas realizadas con todas las bendiciones (autorizaciones), hace muy poco tiempo. ¿Nos podría informar de cómo están las gestiones a día de hoy, y de la disposición de ambas instituciones?.**

A **Sra. alcaldesa** contestou que non é o proxecto o que deixa fóra de ordenación ás edificacións, pois éstas quedaron nesa situación cando foi aprobado o PXOM. Engadiu que estase a redactar o proxecto definitivo pola CPTOPT e anunciou que é difícil predecir se haberá acordo entre a administración autonómica e o concello, pero si que hai boa disposición por ámbalas dúas partes. Tamén dixo que o grupo de goberno quere que esta estrada pase a ser de titularidade municipal matizando que a principal prioridade é que sexa un proxecto de seguridade peonil con beirarrúas anchas e nas mellores condicións posibles.

***** En la carretera de Vilalonga a Fianteira, las hierbas crecen entre el asfalto y las aceras y sobre las mismas, alcanzando en algunos sitios una buena mata: ¿podría mandar a limpiar dicho vial?.**

A **Sra. alcaldesa** contestou que xa hai unha cuadrilla de traballadores nestes días por Vilalonga limpando as pistas, corroborando esta afirmación o concelleiro de servizos, Sr. López Méndez.

Tras preguntarlle a **Sra. alcaldesa** ó **concelleiro socialista de Vilalonga, Sr. Lores Puente** se tiña constancia destes traballos o integrante do PSOE manifestou que, efectivamente, veu ós operarios realizando estes traballos pola zona.

***** En la zona de Monte Faro hai varios vertederos incontrolados con colchones, neveras, lavadoras, etc.; producto del poco civismo de muchas personas. Podría mandar a los servicios para que saneen las superficies sobre las que se asientan.**

A **Sra. alcaldesa** contestou que podería, debería e que o vai a facer.

***** En la Xesteiriña, Adina, se debería llevar a cabo una limpieza de la “fonte de Tres Andes”, sobre todo el pozo que se encuentra frente a la misma a nivel de la pista, que puede ser un riesgo mortal para quien caiga en el mismo. ¿Podría mandar a ver el estado y tomar las medidas que considere necesarias para corregir lo expuesto?.**

Despois da lectura o **Sr. Rodríguez Lorenzo**, manifestou que este é o rogo máis importante que formula polos riscos para a poboación.

A **Sra. alcaldesa** recoñeceu que esta zona permanece en malas condicións xa que aínda que se está a limpar continuamente precísase atopar unha solución para evitar o perigo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** reiterou que ó fundamental era solucionar o problema do pozo.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se está a estudar incluso, colocar un valado provisional.

PREGUNTAS

***** *Podría decirnos, Usted o el concejal del área correspondiente, cuantos alumnos hay matriculados en: Las Escuelas Deportivas Municipais de tenis y natación, cuantos monitores contratados, con quien tienen contrato y de que tipo?***

A **Sra. alcaldesa** contestou que hai 66 nenos/as nas clases de tenis en virtude do convenio que temos co Círculo Cultural de Sanxenxo salientando que sempre hai un monitor/a para cada 10 nenos/as. Ofreceulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo copia do documento.

Tamén dixo que na actividade de natación participan 127 nenos/as e as clases son impartidas por técnicos e socorristas da piscina municipal.

***** *¿Sabe usted si correos pretende centralizar sus oficinas en la Villa, eliminando las de Vilalonga y Portonovo?, rumor que empieza a circular por el municipio.***

A **Sra. alcaldesa** contestou que non, engadindo que en Sanxenxo está previsto que Correos conte cun local novo, pero isto non ten nada que ver con Vilalonga e Portonovo. Rematou dicindo que precisamente en Portonovo a empresa pretende ter un mellor local e contar cun traballador máis para o servizo.

***** *¿Podría decirnos si tienen pensado llevar a cabo alguna actuación en el colegio del Casal, el cual se encuentra en estado de abandono?***

A **Sra. alcaldesa** contestou que si, como tamén hai previstas actuacións en outros como o de Dadín e Tombelo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que a resposta non era satisfactoria pola inconcreción.

A **Sra. alcaldesa** indicou que hai varias alternativas pero ata o de agora pouco se pode avanzar.

***** *¿A que se debe que por detrás del bar “O Compadre” hiciesen un salto de mano, y un par de báculos del alumbrado público fuesen pasados a la de enfrente?***

Logo da lectura, o **Sr. Rodríguez Lorenzo** tratou de retirar a pregunta porque o asunto xa estaba solucionado, pero a **Sra. alcaldesa** manifestou que desexaba contestar para afirmar que era certo que os báculos foran cambiados de sitio, e que esa situación fora decidida polos técnicos e non polos políticos con argumentos de peso, para que os cables non voaran ás fincas. Engadiu que para evitar conflitos, se cambiaron de novo os báculos aínda que parecía mellor a anterior situación. Rematou dicindo que resultaba curioso que un tema tan puntual chegara a tratarse no pleno.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que estas pequenas cousas chegan ós plenos porque temos unha alcaldesa inaccesible.

O **Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que os técnicos estiveran no lugar en varias ocasións e o Sr. Rodríguez Lorenzo mostrou a súa satisfacción porque o problema estaba solucionado.

**** Hay rumores de que se está pensando en la ampliación de la depuradora, EDAR, de Paxariñas. ¿Podría decirnos que hay de verdad en el rumor sobre esa ampliación?.*

A **Sra. alcaldesa** dixo que non hai nada neste intre, engadindo que se houbera novas sobre a ampliación, serían tratadas de inmediato.

**** Se ha realizado alguna gestión ante otras administraciones, en esta legislatura, para tratar de llevar adelante el nuevo puerto de Portonovo? Y de ser afirmativo, nos podría decir ante quién?.*

A **Sra. alcaldesa** dixo que fixera xestións ante o presidente de Portos de Galicia.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que debía ir “máis arriba” para tratar este tema.

A **Sra. alcaldesa** considerou que o presidente de Portos de Galicia estaba a recibir con interese as propostas do concello e ten confianza en que se consiga o novo investimento.

**** Después de la sentencia sobre la Ronda, Avda.. del Aviador Piñeiro, en la que el Tribunal Superior de Xustiza, falló en contra del Concello, o lo que es igual, le dió la razón a los vecinos. En anteriores planeamientos ya se pensaba en el problema con un trazado despejado de edificaciones, que con la aprobación del PXOM anularon (desde que se aprobara dicho trazado en las Normas Subsidiarias, con el Visto Bueno de todas las administraciones con competencias vinculantes; cuatro alcaldes lo habían mantenido, luego ustedes lo cambiaron por el de la Ronda. La gran diferencia es que el primer trazado nos sacaba el tráfico de municipio y la Ronda... El desdoblamiento de la vía rápida y la actual carretera seguirán siendo insuficientes para absorber el tráfico procedente de esta zona de la Ría, por lo que: ¿Podría informarnos si tienen pensado retomar la necesidad imperiosa de llevar adelante el trazado de una nueva vía que de verdad sirva para solucionar el problema de las comunicaciones?.*

A **Sra. alcaldesa** manifestou que mantivera conversas coa Dirección Xeral de Obras Públicas que está a estudar o plan de infraestruturas comarcais. Engadiu que a Xunta de Galicia está a traballar neste tema e que está ansiosa de coñecer as solucións que se propón.

**** Cansados de tantos sustos y algún accidente, vecinos de Vilalonga y Noalla nos piden que se señalice mejor y se estudien la posibilidad de elevar sobre el firme alguno de los pasos peatonales existentes en ambos núcleos de población; a nosotros, en este caso, no nos parece la mejor idea; pero es una entre las tantas a estudiar para mejorar la seguridad de las zonas urbanas intentando reducir la velocidad de los vehículos. ¿Podría dirigirse a la Consellería para que trate de mejorar la seguridad en los núcleos urbanos de Vilalonga y Noalla, incluída la zona de la Lanzada?.*

A **Sra. alcaldesa** dixo que podería facelo pero non para que se faga o típico proxecto de seguridade viaria. Engadiu que, en xeral, os proxectos da CPTOPT non solucionan os problemas, xa que propoñen que se reduza a velocidade a base de rotondas, pero éstas son moi grandes nas

estradas autonómicas. Rematou dicindo que é mellor propoñer un bo proxecto por parte do concello.

Rematada a análise do prego de rogos e pregunta do Sr. Rodríguez Lorenzo, abreuse unha quenda para preguntas verbais.

Comezou a **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestando que xa hai tempo fora acordado que por unha comisión se analizasen os erros do PXOM en canto ás alegacións admitidas no seu día, pero non reflectidas no documento, para aprobar no pleno a correspondene corrección de erros do PXOM. Preguntou en qué quedou este asunto.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que hai aspectos legais que inflúen neste tema, anunciando que lle contestará por escrito á concelleira socialista sobre este extremo, aínda que adiantou, que dende a aprobación do PXOM publicáronse novas normas xurídicas, e así hai que estudar ben esta posible corrección de erros.

De novo, a **Sra. Aguíñ Pombo**, preguntou cándose vai a acondicionar a “Casa do Priorato”.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que, como no Pazo de Quintáns e no solar do PEI-16, estaba próxima a contratación das obras para este edificio, pero que a publicación de novas leis, por parte da xunta, está prexudicando a Sanxenxo. Citou en concreto a lei de protección do litoral que está paralizano o desenvolvemento de instrumentos urbanísticos en zonas que están por detrás dos cascos urbanos. Engadiu que está “a pelexar” para poñer en marcha este museo, vencendo as trabas doutras administracións públicas. Rematou dicindo que espera que no prazo de seis meses estea o proxecto rematado.

O **Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou: ¿Cántas pistas de tenis ou de paddle ten o concello?.

A **Sra. alcaldesa** contestou que hai dúas en Espiñeiro, unha en Noalla, unha en Adina, que se está a facer, outra en Nantes... Indicou que todas se están a realizar co goberno do Partido Popular, porque antes non había ningunha. Convidou a **Sra. González Bea** ó Sr. Lores Puente para visitar ámbolos dous xuntos as pistas, aceptando o ofrecemento o concelleiro socialista.

Tamén o **Sr. Lores Puente** preguntou: ¿cando serán inaugurados os campos de fútbol de Sanxenxo e de Noalla? contestando a **Sra. alcaldesa** que serán inaugurados, obviamente, cando estean rematados, e concretou que o de Noalla espera que se remate en xaneiro.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas e dez minutos, de todo o que, eu secretario, dou fe:

